





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



En relación coa pregunta con resposta oral en comisión nº 688, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Fernando Xabier Blanco Alvarez e don Bieito Lobeira Domínguez, sobre “**o dereito ao uso da lingua galega dos traballadores da Capitanía Marítima de Burela**”, (publicada no BOPG nº 16, do 13 de maio de 2009), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Febreiro-Xuño de 2009 (BOPG nº 46, do 7 de xullo de 2009), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia reafirma o mandato do artigo 3 da Lei de Normalización Lingüística de 1983 segundo o cal ninguén pode ser discriminado por razón da súa escolla lingüística.

A Secretaría Xeral de Política Lingüística ten constancia de que xa existe un informe institucional da Avogacía do Estado que ratifica o dereito dos funcionarios a empregaren no seu traballo a lingua galega. Están regulados os procedementos para atender posibles casos denunciados por cidadáns, que sempre son atendidos polos organismos correspondentes.

O departamento competente informará á Capitanía Marítima dos dereitos lingüísticos dos galegos e galegas, así como da normativa que debe acatar a este respecto en tanto que organismo público.”



XUNTA DE GALICIA


CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de xullo de 2009

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia